



II Carreira Popular "Ao Son do Masma"

Organiza: Asociación Colectivo Cultural Ollomao.

CIF: G- 27365477.

Data: 18 de novembro de 2017.

Hora*: A partir das 16:30h.

Saída e meta: Escolas de Celeiro de Mariñaos.

1. PRESENTACIÓN.

O Colectivo Cultural Ollomao de Barreiros é unha asociación que nace no ano 2006 coa finalidade de dinamizar a vida cultural e social do municipio barreirense. Dez anos despois da súa creación e cunha traxectoria de actividades que avalan a consecución dos obxectivos plantexados inicialmente, Ollomao actualiza as súas fins fundacionais ampliando os seus intereses e campos de actuación. É entendendo que os medios a empregar para poñer en valor e dinamizar un territorio poden ser múltiples e de diversa tipoloxía que se deseña a actividade que aquí se presenta, na cal destaca a práctica deportiva como ferramenta fundamental.

Nesta década de traballo de Ollomao cómpre destacar as actividades, tanto lúdicas como formativas e informativas, e de sensibilización, que teñen como protagonista o río Masma ao seu paso por Celeiro de Mariñaos. Este, principal fluvial de Barreiros e concellos colindantes como

son Foz, Lourenzá e Mondoñedo, foi nos seus mellores momentos un importante recurso natural, económico e industrial, véndose na actualidade nun estado de abandono que impide o seu óptimo aproveitamento e disfrute.

Coa finalidade de dar a coñecer a importancia deste río e reivindicar a súa limpeza e recuperación, así como de mostrar as múltiples oportunidades que podería ofrecer de verse nun estado mellorado, o Colectivo Cultural Ollomao planificou para o ano 2016-2017 unha serie de actividades encaixadas todas elas baixo a marca “Ao Son do Masma”, nome que recibe o festival de música galega e encontro veciñal que dende o ano 2012 este colectivo ven realizando á beira do río. Atendendo a esa variedade de oportunidades que podería ofrecer o Masma e sendo a práctica de actividades deportivas unha delas, deseñouse a realización dunha carreira popular a carón do río.

Dende o Colectivo Cultural Ollomao acredítase nos valores de respecto á diversidade social, polo que nesta proba, na cal non se competirá por equipos senón de maneira individual, fomentárase a visibilización da muller no deporte así como de persoas con diferentes capacidades funcionais. Igualmente nesta proba prevese a existencia de modalidades infantís e adultas dada a importancia de transmitir ás nenas e nenos o significado do respecto e conservación dos valores naturais e patrimoniais da nosa cultura.

2. CARACTERÍSTICAS DAS COMPETICIÓN.

2.1. CATEGORÍAS INFERIORES.

Horario: A partir das 16:30h.

- Realizaranse diferentes distancias segundo as diferentes categorías.
- Os tempos serán recollidos pola empresa de cronometraxe Prueba-T.
- A participación nesta proba será gratuíta para as categorías inferiores (dende troitiñas ata sollas).

CATEGORÍAS	ANOS NACEMENTO	DISTANCIA
Troitiñas	2012 a 2014	150m.
Troitas	2010 a 2011	250m.
Reos	2008 a 2009	450m.

Anguilas	2006 a 2007	700m.
Lampreas	2004 a 2005	1200m.
Sollas	2003 a 2002	2.000m.

2.2. CATEGORÍA ABSOLUTA.

Horario: A partir das 17:15h.

- Poderá participar calquera persoa maior nacida no ano 2000 ou anteriores. A persoa participante debe estar fisicamente preparada e gozar da saúde precisa para a realización desta proba.

CATEGORÍAS	ANOS NACEMENTO	DISTANCIA
Salmón xuvenil	2000 a 2001	5.600m.
Salmón senior	1981 a 1999	
Salmón veterana/o A	1971 a 1980	
Salmón veterana/o B	1961 a 1970	
Salmón veterana/o C	1960 e anteriores	

2.3. CATEGORÍA ADAPTADA.

Horario: A partir das 17:15h.

- Poderán participar nesta categoría aquelas persoas que acrediten unha disfuncionalidade mínima dun 33% e que opten por non participar na categoría absoluta. O documento que certifique a correspondente discapacidade deberá ser presentado presencialmente no momento da recollida de dorsais.

CATEGORÍAS	ANOS NACEMENTO	DISTANCIA
Salmón adaptado	2.000 e anteriores	2.000m.

Paseo pola integración “Quen non corre, camiña”: Tras a saída das categorías absolutas, arrincará un paseo dende a Ponte do Barral ata o barrio de Rexa (aproximadamente 2.000m), especialmente pensado para que persoas con algún tipo de discapacidade que non opten por algunha categoría competitiva teñan tamén cabida nesta actividade. Poderá tomar parte calquera

persoa que desexe sumarse. Este paseo non será unha proba competitiva, a participación no mesmo é gratuíta e non é preciso inscribirse previamente.

*Os horarios son orientativos, podendo variar ata en 10 minutos en función do desenvolvemento das probas.

3. RECURSOS DISPOÑIBLES PARA A ORGANIZACIÓN DESTA PROBA.

a) De seguridade:

- Contarase coa asistencia de persoal voluntario en distintos puntos do percorrido, especialmente nos cruces de camiños, como apoio á sinalización e atención das persoas participantes.
- Será solicitada a colaboración do equipo de Protección Civil do Concello de Barreiros.
- Contarase con, como mínimo, un/unha profesional médico e ambulancia.
- Todas as persoas participantes disporán da cobertura esixida en materia de seguros polo corresponde Regulamento.

b) Servizos hixiénicos e de avituallamento:

- As persoas voluntarias situadas en distintos puntos do percorrido disporán de botellas de auga a disposición das persoas participantes na carreira.
- Haberá aseos, e servizo de duchas a disposición das/os corredores ben de tipo portátil ou en instalación municipais próximas.
- Ao remate da proba ofrecerase a todas as persoas presentes comida e bebida.

4. REGRAS PARA A PARTICIPACIÓN.

- As persoas participantes aceptan ao formalizar a súa inscrición nesta proba a toma de imaxes nas que aparezan, e consintan a difusión das mesmas para fins de promoción e información da actividade, así como a difusión do nome e apelidos para a mesma finalidade.

- Para participantes menores de idade, a nai, pai ou titor/a legal autoriza no momento da inscrición a toma de imaxes nas que apareza a/o menor, consentindo a difusión das mesmas para fins de promoción ou información da actividade.
- As persoas participantes deberán estar na liña de saída 5 minutos antes do comezo da carreira.
- Será motivo de descalificación calquera incumprimento deste regulamento, non completar a totalidade do percorrido, deterioro do entorno, non levar o dorsal visible ou desatender as indicacións da organización, así como calquera comportamento antideportivo que estime a organización.
- Os únicos vehículos autorizados a seguir a proba serán os designados pola organización quedando totalmente prohibido, para evitar posibles accidentes, seguir ás persoas participantes en moto, bicicleta ou outro medio por todo o circuito.
- A organización non se fará responsable dos obxectos de valor extraviados polas persoas participantes.
- A organización resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas o obrigan ou por forza maior.
- Toda persoa participante, polo feito de inscribirse, acepta as condicións e regulamentacións impostas pola organización, polo que libera expresamente á organización ou a calquera outra entidade patrocinadora ou colaboradora, ante todo tipo de accidente, lesión ou eventualidade derivada da súa participación na proba, e que non estivese cuberta polo seguro contratado. Todas as persoas participantes inscritas na proba están amparadas por un seguro de responsabilidade civil, polo que é necesario que no momento da inscrición figure con claridade e exactitude o Nome e Apelidos de cada participante.


5. INSCRICIÓN.

- As inscricións faranse na web www.prueba-t.es cun custo de 5€ para a categoría absoluta e adaptada.
- As inscricións serán gratuítas para as categorías inferiores (dende troitiñas a sollas) e realizaránse a través da páxina www.prueba-t.es.
- Para as tres probas a data límite de inscrición será o 2 de novembro de 2017.

6. PERCORRIDO.

- As probas serán realizadas sobre zona asfaltada. Os tramos a percorrer serán diferentes en función da categoría na que se participe, realizándose as probas inferiores na explanada da Escola de Celeiro de Mariñaos e camiños asfaltados próximos, e sendo o tramo máis longo dun total de 5.600m. a empregar camiños asfaltados do termo parroquial de Celeiro de Mariñaos.

Percorrido da categoría absoluta:



- **Start/End:** Refírese ao punto de saída e meta da carreira xeral. Este punto está situado na Escola de Celeiro de Mariñaos (situada a carón da Estrada Xeral 634, sen interferir en ningún caso a esta vía de comunicación).
- **Lap 1/Lap 2:** Cada "lap" sinala 1Km. de distancia. O tramo dende a saída ata o lugar coñecido como "Ponte do Barral" (sinalado cun O) será de ida (dende a meta) e volta (ata a meta).

- **Lap 3/Lap 4:** Tras pasar o lugar anteriormente sinalado (Ponte do Barral), o circuito continúa cara o barrio de Rexa (entre os lap 2 e 3) e continúa en sentido circular ata chegar de novo á Ponte do Barral.

7. ENTREGA DE PREMIOS.

Todas as persoas participantes nas categorías inferiores e na categoría adaptada recibirán un obsequio. Serán premiadas as 3 primeiras persoas en chegar á meta, tanto da modalidade feminina como masculina, de cada categoría da proba absoluta.

Estas bases son creadas pola organización da I Carreira Popular “Ao Son do Masma” en outubro de 2016, e mantéñense vixentes para as vindeiras edicións de non ser aprobados cambios das mesmas.